



Expediente número: PLN/2020/5

## ACTA

**Sesión Ordinaria 5/2020 celebrada polo  
Pleno do Concello o día 07 de maio de 2020.**

### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación da acta da sesión anterior do 27.02.2020**
2. **Aumento das gratificacións I/2020**
3. **Aprobación do convenio entre o Concello de Redondela e a Deputación de Pontevedra para a execución das obras "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P 2906 Os Valos-Guizán dende o P.Q. 2+180 ata o P.Q. 2+920"**

#### ACTIVIDADE DE CONTROL

4. **Dación de conta da información trimestral do 4º trimestre do 2019**
5. **Dación de conta da información trimestral do 1º trimestre do 2020**
6. **Actividades de Control do Pleno:**
  - 6.1 **Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**
  - 6.2 **Mocións**
  - 6.3 **Rogos e Preguntas**

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





De conformidade co Decreto de Alcaldía número 2020/0996 de data 04 de maio de 2020, onde se convoca sesión ordinaria para o día 07 de maio de 2020, reúnense mediante participación a distancia a través da sede electrónica da entidade, e sendo ás vinte horas e dezaoto minutos do 07 de maio de 2020, baixo a presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos seguintes concelleiros:

### **GRUPO MUNICIPAL POPULAR REDONDELA (PP)**

MARÍA CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ

MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA

IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

DAVID MUIÑOS PORTELA

### **GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA REDONDELA (PSdeG-PSOE)**

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

---

## **Concello de Redondela**





## **GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES REDONDELA 2019 (AER)**

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

## **GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REDONDELA (BNG)**

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

YÉSICA GARCÍA CRUZ

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral, M<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio, como é habitual, en lembranza das vítimas da violencia de xénero, e especialmente por todo os falecidos e falecidas polo CoViD, por esta pandemia. É o sentir de toda a corporación, sabendo que detrás de todas as mortes hai persoas que teñen unha familia e tiñan unha vida por diante, máis curta ou máis longa pero era a súa vida.

2) O concelleiro, David Muiños Portela, do grupo Partido Popular, incorporase a sesión despois do minuto de silencio, por problemas técnicos.

O concelleiro, David Muiños Portela, sae da sesión durante o debate do punto 2

O concelleiro David Muiños Portela, incorporase a sesión durante o debate do punto 3.

---

## **Concello de Redondela**





A Alcaldesa, quiere dar as grazas en nome de toda a Corporación, aos sanitarios/as de toda España pero especialmente aos de Redondela e todo o persoal do Concello e en especial a Policía Local, SEIS e eloxiar o encomiable traballo das traballadoras de axuda no fogar.

Dar as gracias tamén os veciños e veciñas pola súa actitude responsable, coa unión de todos e de todas, traballando nesa mesma dirección, como Alcaldesa de Redondela quero que así sexa.

Di a Alcaldesa que se fan por esta pandemia telematicamente os plenos, hai moita xente que a través do Facebook ven por primeira vez o Pleno municipal, por elo quixera aclarar en relación co sucedido no anterior pleno, que non quiere dicir que as cousas importantes relacionadas co CoVidD-19 non se estea traballando nelas, se están facendo e resolvendo, pero non corresponde traelas ao Pleno, a Lei de Bases de Réxime Local nos artigos 21 e 22 recollen as competencias da Alcaldía e do Pleno, se están facendo pola Alcaldía que é como corresponde.

## **1. Aprobación da acta da sesión anterior do 27.02.2020**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 2/2020 do 27/02/2020.

### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG).

## **2. Aumento das gratificacións I/2020**

### ANTECEDENTES:

---

## **Concello de Redondela**





Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda de data 04/05/2020, que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar tras a nómina de marzo.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que a cantidade restante para acadar o límite do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril é de 59.292,53 € e aínda restan por empregar dos créditos iniciais 4.697,05 € pode darse cobertura á solicitude de gratificacións realizada polo departamento da Policía Local por importe de 8.311,97 €.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-29.04.20.3 de 29 de abril que consta de cinco páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 48.949,93 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

#### INTERVENCIÓNS:

A sra. Castro, comeza lendo a proposta.

Xa se informou na comisión informativa, o crédito inicial de 40.000 euros está esgotado pola falta de persoal da policía local que conta agora con 23 efectivos pola xubilación no ano 2019. Esta situación se solucionará coa incorporación de seis axentes que están na academia, atrasándose a súa incorporación polo CoViD-19. Sendo un servizo esencial que require de horas extra.

---

## Concello de Redondela





O sr. González, se suman a situación descrita pola Alcaldesa pero recordar que existe outra pandemia que é a das asasinadas polas vítimas da violencia de xénero.

En canto a proposta, a día de hoxe despois de escoitar a AER que non estaban de acordo coa suma negociada cos representantes dos traballadores ou a intervención da voceira do PP, de que unha das ferramentas de traballo como é a renovación da flota dos vehículos municipais da Policía Local, o único apoio que terán será o do BNG, para que estes traballadores cobren. É unha cuestión xa formulada nunha moción do BNG que non hai posibilidade nas administracións para a contratación laboral. Son traballos feitos se nos aclararon varias dúbidas son razoables e non lle atopamos maior problema.

A sra. Couñago, da boa tarde, as persoas que nos seguen a través do Facebook, manifesta o recordo polas persoas que faleceron polo CoVid e as súas familias, agravada a situación por non poder despedir os seres queridos e fai mención ás persoas que están padecendo o CoVid e a todas as persoas que estiveron traballando no estado de alarma e os funcionarios, como o persoal sanitario que a pesar da súa situación precaria laboral en Galicia e estiveron onde tiveron que estar. E por último os funcionarios do Concello de Redondela, que desempeñen servizos esenciais, policía local, persoal de vías e obras que axudaron á desinfección, SAF...

Respecto ao acordo de xuño de 2017 onde AER votou en contra. Di que non estaban en contra por non pagar as horas, senón nas horas triplas que supón un gasto moi grande para o Concello. É indiscutible que si os traballadores fan as horas teñen que cobralas. Chama a atención pola escaseza de persoal no Concello sobre todo na Policía Local. Chaman a atención á concellería delegada polas horas extras da terceira quenda, non hai problema ante unha situación excepcional, pero non noutro caso en que se fan horas extras por falta de persoal. Van a votar a favor

A sra. Amoedo, se suma ao dito polo resto de voceiras/os da Corporación. Recoñecemento ás 26.070 persoas falecidas, 221.447 que pasaron ou están a pasar agora a infección. O meu recoñecemento aos que pasaron ou están a pasar agora a infección, están non noso pensamento, lle mandamos ánimo e condolencias aos familiares.

---

## Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





É o pleno ordinario de abril, porque o de marzo desapareceu, unha oportunidade menos para facer control ao goberno, por decisión da Alcaldesa. Dixo a Alcaldesa que non se traía ao Pleno non quere dicir que se resolvan pero si se poden traer ao Pleno cousas moi importantes, como a proposta de modificación das ordenanzas fiscais, para a exención de taxas, para aqueles negocios que aínda non puideron abrir ou en malas condicións. Poderían traer tamén uns orzamentos despois de 11 meses.

A sanidade galega ten a menor taxa de interinidade, nada de precariedade. Levan 11 meses gobernando sen aprobar un orzamento. Non cuestiona a necesidade de que a policía local estea na rúa, si cuestiona a falta de policía nacional en Redondela, porque lle fai falla a Abel Caballero, somos un mal barrio de Vigo. Os vexo lentos, non están actuando coa axilidade que se require, estamos nun momento moi complicado, non solo pola crise sanitaria senón outra pandemia, a económica e vostedes son responsables. Non temos un borrador de orzamentos que dixo a Sra. Castro no anterior pleno que nuns días teríamos un borrador e ata o de agora non nos chegou.

A sra. Castro, di que o pleno de marzo non se puido celebrar porque estaba cancelada a celebración dos plenos. Vaise polos cerros de Úbeda porque vostede non quere entrar no tema. Respecto a policía nacional a convida a que saia a rúa porque cada noite tres patrullas da policía nacional veñen a Redondela. Se non estamos para bromas non comecemos cun discurso político. Xa vimos no outro pleno que falou de todo menos do punto da orde do día e hoxe parece que vai ser igual.

A voceira dixo que este goberno facía un pleno extraordinario para non adoitir as medidas relacionadas co CoViD, e esconde que estas medidas xa se estaban adoitando. Este goberno está traballando sen descanso, incluso actuacións que son competencia de outras administracións, que non coordinan, non informan. Solo existe un obxectivo nas súas palabras, desgastar a este goberno, moito vai que ter que falar para conseguilo.

O goberno popular traballou moitos anos con orzamentos prorrogados.

O sr. González, di que vamos centrar o debate, si falamos do CoViD o desaparecido será o Sr. Feijoo, son os concellos os que lle están plantando cara a pandemia; a Xunta terá que dar explicacións a porque hai un 50% dos finados en Galicia nas residencias da terceira idade, xa se verá nas eleccións.

En canto as gratificacións e a policía local, entendo que a agrupación de electores elude responsabilidades, si non lle gustaba ese acordo tiveron a oportunidade de que o PP non gobernara ou poden traballar para diminuír o importe das gratificacións.

O ano pasado había policía nacional e tamén había que pagar as horas extras da policía local e de outros traballadores.

---

## Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





A sra. Couñago, apoian porque son horas extras realizadas. Cando hai un acordo plenario hai que asumir a votación, nos guste ou non. Nós non vamos a ser os que incumpramos ese acordo.

A voceira do PP dille que vai a aproveitar este pleno para facer política. Hai están as súas mocións, xa veremos. Está equivocada, se está facendo o traballo.

Hai un problema real que é a escaseza de persoal, acentuado nuns departamentos máis que outros.

Sae da sesión o concelleiro David Muiños Portela, do PP, por problemas técnicos.

A sra. Amoedo, di que a súa labor é o control. Se brindaron dende o minuto un pero non se quería a nosa colaboración. Se formularon unhas cuestións, para poder axudar, e nos puxemos a disposición do equipo de goberno.

Levan 11 meses gobernando e non teñen orzamentos. Nós traballamos con orzamentos prorrogados pero os nosos, o que é estraño e que un equipo de goberno que presumía de facer as cousas de outro xeito esté 11 meses gobernando cos orzamentos do PP.

Vincularase os soldos a aprobación dos orzamentos, punto nove do seu acordo, e seguen sin aprobalos pero si cobran. Son vostedes moi dignos pero logo non o son. Incoherencia. Tiñamos que estar debatendo sobre a modificación das ordenanzas fiscais, convenios nominativos, proposta de orzamentos que tampouco temos. O problema é que non fan.

A sra. Castro, da as grazas a Sra. Amoedo pola súa axuda, podería vostede vir a facer eses orzamentos. Vostede non quere falar das horas extras, non é momento para protestar polo traballo da policía local e non abrir un debate que non quere oír, son moi paciente, este discurso que tiña para hoxe, quedará para outro día porque chegará o día en que lle dirá a este goberno que derrocha os cartos. Traio con orgullo e satisfacción estas horas extras, que traballan día e noite para esta vila. Gracias a estes funcionarios.

A Alcaldesa, explica que a votación se fará polos portavoces en representación.

---

## Concello de Redondela







### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 20 votos a favor, (08 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG)

Aclara a secretaría xeral que o concelleiro David Muiños Portela do PP non está presente na votación e non se pode contabilizar o seu voto.

### **3. Aprobación do convenio entre o Concello de Redondela e a Deputación de Pontevedra para a execución das obras "Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P 2906 Os Valos-Guizán dende o P.Q. 2+180 ata o P.Q. 2+920"**

### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio de data 04/05/2020, que di:

### **"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INTERIOR, TRANSICIÓN ENERXÉTICA E PATRIMONIO**

Xuntanza ordinaria do 4 de maio de 2020

Pola Presidencia dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 29.04.2020, do seguinte tenor:

### **ANTECEDENTES**

En data 13.04 .2020 tivo entrada no Rexistro Xeral con número 2791 proposta de convenio da Excm. Deputación de Pontevedra para a execución das obras "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2906 OS VALOS – GUIZÁN, DENDE O P.Q. 2+180 ATA O P.Q. 2+920 (REDONDELA)".

---

## **Concello de Redondela**





Obran no expediente os seguintes documentos:

- Consta no expediente proposta do convenio asinado polo director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, a 08.04.2020.
- Providencia de inicio da Alcaldía de 29.04.2020
- Memoria xustificativa da Alcaldía de 29.04.2020
- Informe emitido polo Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, a 17.04.2020, respecto á valoración dos tramos de estrada cuxa transferencia se solicita e sobre o estado dos mesmos (Catapeixe e acceso a Arealonga).
- Consta fiscalización da Intervención municipal mediante a emisión de informe de 29.04.2020
- Informe da Secretaría municipal de 29.04.2020

As partes asinantes do convenio se comprometen a aportar as cantidades económicas necesarias para o cofinanciamento execución do proxecto “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2906 OS VALOS – GUIZÁN, DENDE O P.Q. 2+180 ATA O P.Q. 2+920 (REDONDELA)”.

As achegas ás que se comprometen os concellos atenderán ao seguinte reparto:

A Deputación de Pontevedra financiará 281.639,04€ (70 %) con cargo a aplicación 20/456 4530 612.02.

A achega do concello será de 120.702,45 € (30%) a cargo da correspondente subvención do Plan Concellos 2019 e pola que se xerará crédito na devandita aplicación orzamentaria.

Se incorporou ao expediente memoria xustificativa requirida polo artigo 50 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, 40/2015, de 1 de outubro, asinada pola Sra. Alcaldesa en data 29.04.2020.

---

## Concello de Redondela





Considerando o anterior e e conformidade coa disposición adicional 2ª da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, se propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO,

PRIMEIRO. Acordar a non aplicación da suspensión de prazos administrativos prevista no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, autorizando a adopción de medidas de iniciación, ordenación, instrución e terminación, do presente expediente administrativo, de conformidade co apartado cuarto da disposición adicional terceira do citado Real Decreto.

De conformidade coa disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se acordou o establecemento do estado de alarma por mor da evolución do COVID-19, quedaron suspendidos os termos e prazos administrativos así como todos os procedementos.

Non obstante, nos seus apartados terceiro e cuarto prevé as seguintes excepcións:

*“3. No obstante lo anterior, el órgano competente podrá acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo.”*

*4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.”*

No presente caso se trata dun proxecto que ten como obxectivos, a mellora da seguridade viaria, evitando riscos para a vida da veciñanza que con normalidade transita por estes treitos de estrada sen a seguridade debida,

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





poñendo en perigo tanto a súa propia como a dos vehículos que circulan pola mesma. Con elo se implementan e melloran ademais servizos municipais de carácter obrigatorio segundo o artigo 26 da Lei reguladora das bases do réxime local, como pode ser en este caso o alumado público.

Polo que, tratándose de infraestruturas viarias e servizos municipais de carácter básico, se entende plenamente xustificada a aplicación da excepcionalidade prevista no apartado cuarto da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e así o inicio, ordenación, instrución e resolución do correspondente expediente administrativo.

SEGUNDO. Aprobar o texto definitivo do Convenio co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE REDONDELA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2906 OS VALOS – GUIZÁN, DENDE O P.Q. 2+180 ATA O P.Q. 2+920 (REDONDELA)”.*

*En Pontevedra, a de de 2020,*

*REUNIDOS*

*A Sra. María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*A Sra. Digna Rosa Rivas Gómez, alcaldesa do Concello de Redondela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*O Sr. D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto. Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas*

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





## MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento á asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2906 Os Valos - Guizán, que transcorre polo Concello de Redondela e ten unha lonxitude de 2.921 m.

---

## Concello de Redondela





VI.- Que na actualidade, os núcleos de poboación de OS Valos e Guizán atópanse conectados mediante a antedita estrada provincial, que presenta múltiples cruces en enlaces viarios da rede municipal. A calzada está composta por un firme onde se formalizan dous carrís de circulación, completados cunha beiravía de acabados e dimensións variables o que provoca que en moitos treitos o uso peonil non se poida realizar con plenas garantías de seguridade. Ademais, ao longo da estrada acompañan o trazado os tendidos aéreos de subministradores eléctricos e de telecomunicacións, así como a rede de alumeadado público que alimenta os báculos que alumean a estrada en todas as zonas habitadas e as súas proximidades.

VII.- A actuación sitúase nun tramo de aproximadamente 740 metros, dende o P.Q. 2+180 ata o P.Q. 2+920 da estrada provincial E.P. 2906 Os Valos Guizán.

O proxecto pretende dar solución a problemas existentes, así como satisfacer necesidades do propio vial, das súas infraestruturas e do seu entorno mediante a modificación da sección da estrada e a creación dun carril peonil e ciclista. Polo tanto, coa presente intervención preténdese contribuír a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, fomentando o uso do transporte limpo, ciclista e peonil e disuadindo ademais mediante a redución de velocidade a 30 km/h o transporte de vehículos emisores de gases.

A solución proposta neste proxecto fórmase sobre a plataforma actual da calzada, con solucións destinadas á mellora da mobilidade e calmado do tráfico como son a execución dunha beirarrúa peonil, ampliación da beiravía, a creación dunha zona de convivencia entre peóns e vehículos ou a construción dun novo carril de uso compartido bicicletas/peóns, entre outros.

Con esta actuación conseguirase que se intercalen espazos de redución de velocidade e prioridade peonil, o que reducirá a velocidade de circulación pola estrada, o tráfico da calzada, mellorará as condicións de seguridade no uso peonil e fomentará o uso do vieiro polos peóns e as bicicletas.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

## CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

---

## Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre o Concello de Redondela e a Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto de “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os Valos – Guizán, dende o p.q. 2+180 ata o p.q. 2+920 (Concello de Redondela)”.

As unidades de obra comprenden á creación de dous carrís, unha senda de uso compartido bicicletas-peóns e zonas de convivencia entre vehículos e peóns. Ademais mellorarase a seguridade viaria coa instalación de pasos de peóns e reductores de velocidade. A actuación se completa con alumeado e infraestrutura para rede de telecomunicacións.

#### Segunda.- Importe.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a trescentos trinta e dous mil cincocentos trece euros con sesenta e tres céntimos (332.513,63 €) en Base Imponible máis sesenta e nove mil oitocentos vinte e sete euros con oitenta e seis céntimos (69.827,86 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de catrocentos dous mil trescentos corenta e un euros con corenta e nove céntimos (402.341,49 €).

#### Terceira.- Financiamento.

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Redondela mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	Aportación	%
Deputación de Pontevedra	281.639,04 €	70
Concello de Redondela	120.702,45 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	402.341,49 €	100

A Deputación de Pontevedra financiará 281.639,04€ (70 %) con cargo a aplicación 20/456 4530 612.02.

## Concello de Redondela







*A achega do concello será de 120.702,45 € (30%) a cargo da correspondente subvención do Plan Concellos 2020 e pola que se xerará crédito na devandita aplicación orzamentaria.*

*Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP*

*Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras ou os derivados do retranqueo de servizos afectados, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.*

*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.*

*Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.*

*Quinta.- Obrigas do Concello.*

*O Concello de Redondela obrígase a:*

- 1) Obter as correspondentes licenzas que fosen precisas.*
- 2) Solicitar a transferencia dos viarios que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
  - Estrada provincial E.P. 2903 Redondela – Catapeixe*
  - Estrada provincial E.P. 2905 Acceso a Arealonga*

---

## **Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894







3) *Levar a cabo a conservación, mantemento e explotación da infraestrutura obxecto deste convenio salvo na zona de circulación de vehículos, logo da comunicación da Deputación de Pontevedra da finalización das obras.*

4) *Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados anteriores.*

5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.*

1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio, así como tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*

2) *Correspóndelle a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*

3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello de Redondela, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*

4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

5) *Antes da transferencia efectiva dos viais, a Deputación de Pontevedra levará a cabo as actuacións de conservación correspondentes ao ano 2020.*

*Sétima.- Compensación de débedas*

---

## **Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





*O Concello de Redondela faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.*

*Oitava.- Comisión de seguimento e control.*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, a alcaldesa ou persoas en quen deleguen, o Secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.*

*Novena.- Vixencia do convenio*

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2020.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.*

*Décima.- Resolución.*

*Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.*

*Undécima.- Normativa aplicable.*

---

## **Concello de Redondela**





*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e*

- *Lei Bases de Réxime Local, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico de Sector Público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2019.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento*

*Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.”.*

TERCEIRO. Que se proceda a súa formalización mediante sinatura pola Alcaldía, actuando como fedataria a Secretaría Xeral da Corporación.

CUARTO. Publicar o texto do convenio na sede electrónica municipal en cumprimento da obriga prevista no artigo 8.1.b. da Lei de Transparencia e bo goberno, 19/2013, de 9 de decembro.

QUINTO. No seu caso, remitir electronicamente copia do convenio, acompañada da correspondente memoria xustificativa, ao Rexistro Telemático do Tribunal de Contas.”

INTERVENCIÓNS:

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Pide o sr. Cabaleiro á sra. Alcaldesa que lle de tempo suficiente para poder explicar ben o contido do convenio aínda que lle restrinxa nas posteriores intervencións.

Explica o sr. Cabaleiro, fiscalización da intervención e informe da sra. Secretaria e que se financiará a aportación municipal con cargo ao Plan Concellos do 2019.

Lee a proposta.

Se inclúen no proxecto pasos elevados, recollida de pluviais, carril no que conviven ciclistas e peóns.

Son acordos para desenvolver a cooperación entre as dúas entidades, é plausible que ese bo entendemento entre as dúas entidades leve o progreso da cidadanía.

Son 740 metros os que se van a levar a cabo. Tamén se prevé a reforma do sistema de telecomunicacións. Son obrigas do Concello obter as licencias precisas e solicitar a transferencia de dous viarios, o Concello se vai facer cargo da estrada EP 2903 e a estrada EP 2905. No punto cinco di que antes da transferencia efectiva dos viarios a Deputación de Pontevedra levará a cabo as actuacións correspondentes ao ano 2020. A Deputación se compromete que se arranxen os problemas nas dúas vías, é unha cuestión importante, non vamos a coller esas vías de forma precaria como en tempos anteriores.

Se forma unha comisión de seguimento de control para que non haxa problemas na execución da mesma. É un proxecto que ven de atrás, de Uxío, é unha cousa traballada, consensuada...

Aclara a Alcaldesa que se refire o Sr. Deputado Uxío Benítez.

O sr. González, di que esta obra é esperada dende fai seis anos. Unha das grandes cacicadas do PP fai seis anos. Houbo un acordo plenario no que se deu confianza ao goberno de Javier Bas para facer esa obra. Foron caciqueando cos cartos e quedou a lo menos un terzo da obra sen facer. Comprando vontades o PP facendo valados e esgotáronse os cartos. Este foi o gran fraude do PP en Redondela. E grazas a asociación de veciños de Villar que faláron cos veciños, despois de seis anos, pode chegar esta situación a o seu fin.

---

## Concello de Redondela





Hai un cambio de concepción da mobilidade, os cidadáns que viven ao carón dunha carreiteira teñen dereito a vivir en condicións de seguridade.

Non vai ligada seguridade as beirarrúas, senón a concienciación dos condutores, redución da velocidade, zonas de calma.

Pide ao equipo de goberno o compromiso de chegar á humanización dende a nacional 550 ata o colexio de Porto Cabeiro, e iso lle daría un reforzo moi importante á asociación de veciños. Que manifeste hoxe aquí publicamente o compromiso de facer esta obra canto haxa orzamentos.

O sr. Villar, fala do que pasou estes días con este convenio. Na comisión do luns dende a agrupación detectamos que había un punto que debería quedar incluído no tema da transferencia das estradas e houbo un voto en contra da agrupación. Se falou coa Deputación e se arranxou o problema. O PP tratou de intoxicar na prensa a información que se da á cidadanía.

Van incluídas a cesión de dúas estradas que entenden que deben pertencer ao Concello, porque non se poden investir cartos, nos cadros eléctricos da parroquia e prexudica para poder facer un proxecto de eficiencia enerxética para arranxar eses cadros.

Foi un camiño moi complicado, houbo bastantes polémicas cando se mellorou esta estrada. Agora o criterio da Deputación cambiou e leva un carril para os peóns e ciclistas.

A sra. Amoedo, di que traen a aprobación deste convenio pola porta de atrás, ocultandolle aos veciños. Non sabían que se ía traer este convenio ao Pleno ata que nos lle preguntamos se sabían sobre o tema. Aínda están esperando polos técnicos da Deputación para que lles expliquen estes cambios de criterio. É curioso que traian este convenio cando non poden ter estes veciños participación no pleno ni se poden reunir cos veciños por razón do confinamento.

Cando trouxo a Deputación este convenio lle dixemos que non porque non pode haber veciños de primeira e segunda. Din que vai un carril bici e peóns pero en Vigo o sr. Caballero leva convenios con beirarrúas por 3,5 millóns de euros.

A realidade é que vostede non contaron cos veciños, a Alcaldesa non tivo xuntanza con eles e aínda están esperando polos técnicos da Deputación.

---

## Concello de Redondela





A agrupación de electores dixo que ía a facer unha modificación do regulamento de consellos parroquiais..... ¿cando foi ao consello parroquial? ¿Por que hai tanta presa?. A agrupación de electores, cómplices do PSOE traen agora este convenio e o ocultan aos veciños. Igual que o sr. González que ten unha comanda do seu partido a nivel provincial. Incumpren a súa filosofía de participación.

Incorporase a sesión o concelleiro do PP, David Muiños Portela.

O sr. Cabaleiro di á Sra. Amoedo que se cree as súas propias mentiras

Respecto ao compromiso de mellora da zona de Porto Cabeiro, xa foi tratada no consello parroquial e a mellora desta zona está na mente deste goberno, contando cos veciños.

A estrada do Viso non reúne as condicións de seguridade, a presidenta da Deputación ten intención de facela o antes posible pero se atrasa pola suspensión desta actividade polo CoViD

E un proxecto revisado polos técnicos da Deputación e tamén dos técnicos municipais. Vostede está animando aos veciños a unha mobilización pero vostede non mirou o proxecto. Que non o querían cando llo presentou ao PP, este proxecto xa foi mellorado, respecto ás cunetas. Que ocultamos aos veciños, cando menos tres veces se reuniron no Concello a Alcaldesa e algunha compañeira máis e se foi in situ. En canto o modelo eu non son técnico. Moi malo non pode ser cando a Xunta de Galicia recomenda a guía da Deputación. Ensina un requirimento de alí arriba en Eidos, onde recomenda que se faga seguindo a guía da Deputación.

O sr. González, para ter en mente algo ten que concretarse e xa pedimos antes do nadal que queríamos orzamentos, como non están temos que facer nalgún momento esta proposta.

Ao concelleiro de medio ambiente que se comprometera a que aqueles veciños de esa zona que non teñen saneamento, que tamén mellorara está proposta e se comprometera a facelo.

E un modelo que o BNG quere establecer priorizando os peóns sobre os vehículos, que os coches vaian a 30 quilómetros por hora, iso é seguridade.

---

## Concello de Redondela





A voceira do PP, ten o morro de crear veciños de primeira e de segunda, gastaron os cartos indebidamente; que ven puido intervir a fiscalía. Fai un uso partidistas das institucións, ven puido levar e xestionar un encontro de veciños coa conselleira. Respecto a Abel Caballero o que ten que facer e acudir as asembleas da mancomunidade e todo o que lle ten que dicir a Abel Caballero é ir alí e dicírllo.

Que a medio prazo se vai recuperar a seguridade viaria nesta zona de Vilar e que se alegran.

O sr. Vilar, di que teñen estudado que ali teñen a rede de sumidoiros a disposición da veciñanza. O que non hai é en parcelas non edificables.

Hai políticos que se creen enxeñeiros e lle pregunta a sra. Amoedo si sabe que é isto. Ensina un disco dunha radial e un eléctrodo. Di que os técnicos teñen que ir a inspeccionar teñen que ir coa radial porque as tapas teñen soldaduras porque as tapas que se puxeron foron defectuosas, cando se ampliou a estrada quedaron na banda de rodada. Xa miramos as grandes obras e os grandes proxectos que se facían e se fan. Dende a agrupación non permitiremos que se faga unha chapuza e que se cumpran os compromisos coa Deputación.

A sra. Amoedo, di o Sr. Villar que se vai sacar o título de técnico.

O problema está en que non ensinaron o proxecto nin a asociación de veciños nin no consello parroquial. Dixo a Alcaldesa no pleno de 19 de decembro que se ían a ir os técnicos. Non deron explicación por que agora esta presa e porque se levou dúas veces a comisión informativa, e votaron en contra AER. Vostedes non falan, entre o concelleiro de infraestruturas e de medio ambiente. Leva vostede dez meses e se hai algo mal é cambialo. Si hai algo mal nesa estrada de Catapeixe da Deputación o que ten que facer e esixir que cambien a tubaxe que non están ben.

Hai diferenza entre a memoria de Alcaldía Plan Concellos 2019 e no convenio pon 2020. Pide a participación da Secretaría para aclarar.

O sr. Cabaleiro, di que se ratifica que é o 2019 e da voz á sra Secretaria.

Explica a Sra. Secretaría que si ben no modelo de convenio pon 2020, na proposta firmada pola Alcaldía está ben posto o 2019.

---

## Concello de Redondela







Tamén lle podo dicir que a concelleira non lle transmitiu esta cuestión, tamén houbo un curtocircuíto de comunicación. Pode haber discrepancias como en todas as familias. Fixeron a primeira parte porque veu un señor co talonario, e podemos dicir que subornaron os veciños. Aquí o que prima é a seguridade viaria. Sabe vostede quen vai facer o mantemento, a banda de rozadura vai mantela a Deputación e non vai arcas do Concello.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 12 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG) e 09 votos en contra do PP.

#### **4. Dación de conta da información trimestral do 4º trimestre do 2019 .**

Dáse conta do informe do interventor municipal con referencia ASR-29.04.20.2 de data 29 de abril de 2020 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 4º Trimestre do ano 2019, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

O Pleno do concello queda informado.

#### **5. Dación de conta da información trimestral do 1º trimestre do 2020 .**

Dáse conta do informe do interventor municipal con referencia ASR-29.04.20.3 de data 4 de maio de 2020 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 1º Trimestre do ano 2020, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

---

### **Concello de Redondela**







O Pleno do concello queda informado.

## **6. Actividades de Control do Pleno.**

### **6 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

### **6 . 2 Mocións.**

A sra. Alcaldesa da a palabra á sra. Secretaria que di que quere deixar constancia en canto ás mocións presentadas polo grupo popular non son asuntos competencia do Pleno e polo tanto non correspondería dende o punto de vista xurídico, tratalas como moción, senon que o contido destes escritos se corresponden con propostas de actuación, das que o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, son os chamados rogos instancias que se fan ao goberno para levar algún tipo de actuación, xuridicamente non se deberían tratar como como mocións. As mocións que estamos tratando, son as de tipo político que non producen efectos xurídicos e neste caso se estaría adoitando un acordo con efectos xurídicos que non correspondería ao Pleno adoitare este tipo de acordos, por motivo de que o órgano competente para adoitare eses acordos corresponde a Alcaldía

Aclara a Alcaldesa que houbo como sempre unha xunta de voceiros onde se levan as mocións, o PSOE e esta Alcaldesa xa dixo que se deberan tratar como rogos, e ademais son asuntos que xa se resolveron por Alcaldía que é o órgano competente. Pediu a sra. Amoedo unha reunión para tratar este tema, e quedou pendiente polo COVID o tratamento do borrador do Regulamento Orgánico. Queda pendiente facer esta reunión previamente ao seguinte Pleno.

Reitera a sra. Secretaria que estes acordos teñen efectos xurídicos, non é solo un debate, senón que son acordos resolutivos que poden ter como consecuencia nulidade de pleno dereito porque non é o Pleno o órgano competente para acordalo.

#### **6.2.1 Moción do PP relativa ao Plan de Medidas Sociais motivadas polo CoViD-19**

ANTECEDENTES:

---

## **Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





Moción do PP, relativa Plan de Medidas Sociais, con entrada no Concello o día 07.04.2020 con número 2020-E-RE-891 que se transcribe a continuación:

“Tendo en conta o disposto no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se decretou o estado de alarma, o cal fixou como obxectivo “protexer a saúde e a seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública”, e co fin de lograr o máximo aillamento da poboación como medida preventiva para conter a progresión do COVID-19

Dende que se decretou o Estado de Alarma supuso para moitos homes e mulleres a perda do seu traballo, É por iso que nunha situación excepcional, toda a poboación está a sufrir as graves consecuencias económicas que esta pandemia está a producir e sobre todo o sacrificio e a loita diaria que todos sofren nas súas casas, polo que creemos necesario proporcionar todo tipo de axudas que poidan mitigar os colectivos máis desfavorecidos nesta grave crise que se está a producir en toda España e parte do mundo.

Creemos necesario que para todas as persoas que se quedaron sen traballo, parados de longa duración, afectados por un ERTE ou ERE, deben ter unha axuda directa

Entendemos que os recursos municipais teñen que estar destinados á creación de todas as axudas posibles para os veciños de Redondela, priorizando estas axudas sobre outros posibles gastos ou inversións que poden aprazarse para o ano 2021, e que nun momento tan complicado como este pasan a un segundo plano. No decreto do día 31

Por todo isto solicitamos o Pleno da Corporación que se adopten os seguintes **ACORDOS** :

1. Posta en Marcha dun Plan de axudas directas para as familias máis vulnerables e que se atopan nunha situación de risco.
2. Instar ao Servizo de Benestar Social a conceder unha axuda de emerxencia para afrontar as necesidades de alimentos dada a delicada situación socioeconómica aos seguintes grupos de afectados:
  - a) Parad@s de longa duración, afectados por un ERTE ou ERE, persoas afectados de despedidos de contratos temporais .
  - b) Autónomos cuxas actividades queden suspendidas en virtude do esixido no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declarou o estado de alarma.
  - c) Autónomos que vexan reducidos os seus ingresos

---

## Concello de Redondela





d) Outros casos excepcionais que sexan valorados por ese servizo.”

### INTERVENCIONS:

A sra. Amoedo di a Alcaldesa que intenta colgarse a medalla e calar a oposición. Nos vimos na obriga de presentar todo por escrito porque había moita xente que estaba nunha situación complicada.

Despois de recibir o luns as bases, despois de que as pedira, xa estaban traballando nestas bases. O martes pola noite recibimos unhas bases. Maña recibirá o noso parecer sobre as bases, as cantidades son insuficientes cando non sabemos canto vai tardar. Pensaba retirala pero por responsabilidade ao ver as bases non a podo retirar. Xa pasaron 54 días, so dispensaron a 14 nenos/as para o comedor escolar, pensan que non hai máis persoas que necesiten destes cheques.

Como non nos deixaron participar porque dixo a Sra. Rivas que xa estaban aprobadas. Xa tiña que estar en marcha un plan, porque moitos veciños levan 54 días sen cobrar un euro. Estaban tirando da lista para contratar unha traballadora social fai un mes.

A Alcaldesa di que ten que ler a exposición de motivos da moción e logo xa dará a súa opinión no debate. Leva oito anos e xa o debe saber.

A sra. Amoedo lee a proposta.

A sra. García expón que está de acordo coa explicación da Secretaria, son máis ben rogos que mocións. O que queren é un minuto de gloria e populismo xogando cunha emerxencia social, aproveita a publicidade no Facebook, veñen a expoñerse no pleno podendo utilizar o rexistro como fai o noso grupo para presentar estes escritos.

Non vir aquí a interromper o Pleno e máis cando o PP está gobernando na Xunta. Feijoo está desaparecido no Parlamento pero si fixo 24 comparecencias no telexornal. As mariscadoras estiveron 40 días abandonadas por Feijoo, menos mal que estivemos os outros grupos. Os minutos de gloria xa os tivo no Facebook. Estas cuestións son rogos non mocións.

A sra. Couñago, di que estamos para debater e vamos a debater. Eles están para aportar, non están para impoñer, non asumiron que están na oposición,

---

## **Concello de Redondela**





cando se fan algo distinto enfádanse. Cales son as propostas do PP?. O que fan é terxiversar e manipular.

A sra. Secretaria aclara que a pesar das interferencias podía ver e escoitar.

A sra. Alonso, paréceme fantástica a exposición de motivos que trae a este pleno, señora Amoedo, pero sinto dicirlle que chega tarde, e voulle a dicir porque. Xa están aprobadas unhas axudas directas, chamadas Bases e convocatoria para a concesión de subvencións de axudas sociais CoViD-19 do Concello de Redondela. Estas axudas son exclusivamente para as persoas afectadas polo CoViD, son unhas bases que foron vistas e consensuadas polo equipo de goberno, baixo a supervisión do persoal técnico do Concello e aprobadas por Resolución de Alcaldía, xa que non é necesario a aprobación polo Pleno. Son un complemento as axudas de emerxencias. Fixéronse cheque nominativos a once familias máis durante catro semanas, xa prorrogadas por catro semanas máis. Darlle as grazas a labor que está facendo Cáritas. Sempre se tivo en funcionamento o teléfono de servizos sociais, e asistencia presencial en todo momento extremando as medidas de seguridade, cando foi necesario. Os servizos sociais comunitarios básicos no Concello de Redondela estiveron, están e estarán garantidos sempre. Xa está en marcha a contratación da cuarta traballadora social, en de 2016 se recibiu a resolución da Xunta de Galicia. Dende o departamento de servizos sociais, iniciouse a tramitación desta traballadora.

A sra. Amoedo, di que están resentidos doídos, é unha pena porque cando se trae a este pleno unha moción para aportar, este grupo parece que quere seguir dando bandazos. Di que están poñendo en marcha a contratación da traballadora social e fai 25 días que a Alcaldesa dixo que xa ía a estar a contratación porque se tiraba da lista. Igual as bases ían a estar. Pero eu seguirei presentando mocións. Polo menos hai unhas bases aínda que cheguen 54 días tarde.

Unha persoa que cobrou este mes 330 euros e ten que pagar moitos gastos. Destes hai moitísimos e ata o de agora non tiñan vostedes bases. Moitas persoas que aínda onte cobraron a prestación do ERTE dende o 13 de marzo. E agora traen un panfleto de bases. E solo 14 cheques para nenos en idade escolar e agora por fin recoñecen o traballo de Cáritas, tantos anos dicindo que

---

## Concello de Redondela





non ao convenio. Falan do Sr. Feijoo, ..... que fixo o Estado, a min o que me importa é Redondela. Por que tardaron 54 días en elaborar unhas bases, por que 2 indixentes non tiveron onde durmir, por que non contrataron a traballadora social.

Di a Alcaldesa que non pode consentir, non pode empregar a palabra vagabundos e non o vou a consentir porque é mentira, porque chamou hoxe a responsable e a concelleira e lle explicou que iso non era verdade, quero un debate limpo e construtivo.

A sra. García, di que se debe ter un pouco máis de respecto para as veciñas de Redondela. O concello ten responsabilidade pero o goberno da Xunta...

Había unha ordenanza de emerxencia social xa dixo o BNG que era moi restritiva e era pouco útil. Nós presentamos as propostas por escrito no rexistro. En relación a emerxencia social pide que se amplíen as contías de 80.000 ata 200.000 euros, ampliar as axudas e axilizar os procedementos. Xa o dixo a Secretaria que é un rogo, non queren entrar máis. Se queren axudar falen co goberno da Xunta, porque non sabemos o que vai facer.

A sra. Couñago, di que quere deixar claro que a ordenanza foi aprobada no 2016 pode ser mala pero polo menos hai ordenanza. Houbo cinco ou seis comisións nas que non puido acudir o voceiro do BNG e despois aportou solo no Pleno. Por iso non lle parece ben levar agora o mérito respecto ás propostas.

A parte das persoas que están sendo atendidas por servizos sociais se implementan a maiores os 14 cheques poden ser insuficientes pero a Xunta que fai, a ver que está facendo a Xunta cos menores, educación e competencia da xunta, nin se lle deu ordenadores, tres por centro, nin se preocupa de que os menores reciban os deberes na casa, que o asume o concello sen ser a súa competencia. O Concello no e deus e a capacidade non é a mesma que a Xunta, se está desentendendo, dar créditos pero os créditos as hai que devolver, noutras comunidades axudas directas aos autónomos, a Xunta non ten esta competencia.

---

## Concello de Redondela





A Alcaldesa, di que non se deu conta e que lle deu 40 segundos máis e di a sra. Amoedo porque non dixo vagabundo senón indixente aínda que a finalidade era a mesma. Pide desculpas.

A sra. Alonso, di que parece mentira que vostede fóra concelleira de servizos sociais e saiba o que alí se fai e non se fai.

Este equipo de goberno si que está traballando, ao 100% guste ou non. De ahí todas as medidas dende o día 17 de marzo, non mal meta coa veciñanza e deixe de poñer pedras no camiño. Non cuestione baixo ningún concepto o traballo dos funcionarios, sobre todo o dos servizos sociais porque está facendo un traballo espectacular.

O que necesitan as persoas axudas para levar esta dor do mellor xeito posible.

A sra. Amoedo, di que estaba atenta para anotar todas as medidas que ia a relatar e non dixo ningunha. Eu dixen as palabras que quería dicir, pero lle traizooou o seu subconsciente. Por suposto que as profesionais son maravillosas e os funcionarios estupendas pero a que ten que tomar as decisións é vostede.

A xente que está afectada por un ERTE levaba 53 días sen cobrar e vostede mirando para outro lado e as persoas sen fogar onte durmiron na rúa. Preguntei aos servizos sociais e non sabían que houbera persoas sen fogar pero vostedes eran coñecedores.

O espectáculo que están a facer coas mascararas xa demostra o nivel de este equipo.

A sra. Couñago, descoñece que hai un mando único.

---

## Concello de Redondela





A Alcaldesa di que temos que estar xuntos. Houbo unha reunión coa Deputación de Pontevedra cos alcaldes, e todos os alcaldes/des necesitamos coordinación e que e debe tomar exemplo dos seus compañeiros.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado ditame, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 19 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 09 do PP.) e 02 votos en contra do BNG

Esta moción se vota a favor porque xa está feito o que nela se solicita, di a Alcaldesa.

#### **6.2.1 Moción do BNG relativa a Derrogación da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, “Lei Montoro”**

##### ANTECEDENTES:

Moción do BNG, relativa a derogación da Lei Montoro, con entrada no Concello o día 30.04.2020 con número 2020-E-RPLN-7 que se transcribe a continuación:

“A Lei Orgánica de 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

- Equilibrio ou superávit estrutural.
- Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3% as entidades locais).
- Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

A débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galego a débeda aínda é moito menor; abonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros (21,949 millóns), e a de todos os concellos galegos non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidades sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais

---

### **Concello de Redondela**







galegas cumpren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit dos concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostíbeis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas nas adxudicacións, non computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.

Son moitos os concellos que se ven obrigados a incumplir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumplir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.

A actual situación de crise motivada pola extensión do COVID-19, a paralización da produción en moitas empresas, establecementos, comercios e entidades, demostra a necesidade de derogar a Lei Orgánica 2/2012 para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas

Redondela, como o resto de Concello de Galiza, debe poñer en marcha un Plan económico - financeiro, para reactivación da economía local, mitigar a crise que vai afectar a moitas familias, atendendo a aqueles sectores que desenvolven a súa actividade no eido local.

Por todo o exposto, solicitamos do Pleno da Corporación do Concello de

Redondela, a adopción do seguinte, ACORDO.

1. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para esixir a derogación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise para que deste xeito se poidan destinar os recursos dos concellos a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.”

---

## Concello de Redondela







## INTERVENCIONES:

O sr. González, cada vez os concellos asumen máis competencias e a presión veciñal cada vez esixe máis servizos. En Galicia, as Deputacións teñen unha débeda de 22 millóns de euros e os concellos 250 millóns. O BNG pretende con esta moción que os concellos poidan reutilizar en políticas de carácter social, de fomento de emprego... os seus remanentes. Esta situación de pandemia pon de manifesto a necesidade de derogar esta lei, e temos que presionar tamén dende os concellos para poder desenvolver política fiscais para os veciños. Hai novas de que o Estado quere botar man destes remanentes.

Lee a parte da solicitude da moción.

O sr. Boullosa, esta moción xa se levou en Cataluña e no País Vasco. Hai varias leis Montoro, a de 2013 que aínda amplía máis esta anterior lei. A agrupación vai a votar a favor.

O sr. Cabaleiro di que o título da moción debe ser Cambiar a Lei Montoro xa. Estamos nunha realidade diferente. Para apoiar esta moción xa se lle comunicou lles gustaría facer unha emenda incluíndo Reforma ou derogación.

Agradece aos servizos de intervención que cando non tiña nin idea o que era un teito de gasto, lle explicaran, porque para entender esta mala lei Montoro hai que entender os conceptos.

A administración local foi a que fixo mellor os seus deberes. Algunhas autonómicas e cando gobernaba o PP en Madrid non foi quen de cumprila. Temos que inxectar cartos na sociedade. Hai que invertir nas persoas. Temos que gobernar para a vida, para as persoas. Non podemos permitir mais recortes, temos que poñer a disposición das persoas estes recursos que se aforraron antes, non a disposición dos bancos.

A sra. Amoedo, di que coincide co sr. González en que este é un momento de facer as cousas doutro xeito. Os concellos están facendo sacrificios importantes e está moi limitado para usar eses remanentes que é resultado de facer ben as cousas. A lei se fixo para sanear as contas, o estado estaba

---

## **Concello de Redondela**





practicamente en quebra, había moitas administracións que se pasaban, houbo que facer unha lei para encaixar a situación desastrosa dese momento. 100.000 millóns de euros de déficit, do señor Zapatero.

O obxectivo da lei cumpriuse reducindo o goberno de Rajoy do 10 ao 2,5%.

No ano 2019 o goberno de Sánchez volveu a incrementar o déficit. O goberno de Rajoy xa factura coa FEMP a utilización do superávit e agora tamén se recolle a posibilidade de utilización deste remanente. Estamos noutra realidade neste momento é o cambiar a realidade tamén teñen que adaptarse. O PP presentou unha proposición non de lei. É acertada a petición. Tamén presentan unha emenda engadindo dous puntos. Lee a **emenda**.

“1.Instar para que os concellos poidan dispor dun cen por cen do superavit no ano 2019 para implementar aqueles servizos, medidas e axudas extraordinarias que permitan actuar contra os efectos negativos derivasdos do CoViD-19

2.Instar para que se destine o gasto corrente inversión, este non se poida computar na regra de gasto”

O sr. González, di que non ten inconveniente en escoitar as propostas do PP de emenda que nos presentou fai unha hora.

Todo isto ven da modificación do artigo 135 da constitución.

A cuestión do remanente lle permitiu a concelleiros de AER inaugurar a primeira parte da reforma do campo de fútbol do Viso e cubrirse de gloria.

Esta moi ben o que di a voceira do PP respecto a xestionar ben os cartos públicos pero o que non está ben non gastar no ámbito social así este ano chegamos a 2,5 millóns de euros. Fala de que houbo unha redución do déficit pero quedaron polo camiño as que tiveron precariedade laboral, educativa, sanitaria,...

Son decisións que toman en Madrid pero que repercuten directamente nos veciños.

O sr. Boullosa, matiza que o campo do Viso non foi inaugurado foi unha visita de inspección das obras, ademais o concelleiro de AER é rariño porque non lle

---

## Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894





gusta o fútbol, senón se dedica ao ciclismo. Non lle gusta repetir na segunda intervención, e quere que se tratan outros asuntos, ratifica o voto

O sr. Cabaleiro di que lle gustaría votar a favor porque compartimos case na súa totalidade, di que é un termo amplo porque estamos en outro tempo porque non sabemos cando vai rematar esta situación e por iso quizá haxa que reformar e lle pide ao BNG que reflexione sobre este asunto.

O sr. Montoro o que quería era ter amarrados as administración e en concreto as administracións locais, poñelas ao servizo das arcas do Estado. Algún día se lle recoñecerán a Zapatero a súas accións sociais. Montoro quería levar a cabo a súa axenda neoliberal, momento para que haxa un consenso entre todos os partidos e poñer este diñeiro aforrado para as persoas e as pequenas e medianas empresas. Estamos de acordo na reforma da lei e así o indicamos. Se non é posible introducir a emenda nos vamos abster.

A sra. Amoedo di ao sr. Cabaleiro que o gran logro do sr. Zapatero é arruinar o país e aplaudir a Maduro. Dicía non hai crise, teñen vostedes a memoria un pouco fráxil.

Sinte que o Sr. González non entende que o que quixemos foi aportar, engadir flexibilizar non derogar, tal como vai Pedro Sánchez e compañía igual é necesaria, os concellos sempre somos os damnificados e non pode ser que paguen os que cumpren polos que non cumpren e neste momento ten que haber esta sensibilidade e o que non pode ser é que

Lee a sra. Amoedo as emendas que propón.

Se quere quitamos ensino pero si emprego onde podemos facer moitas cousas e xa as facemos. Sería interesante para nos poder aprobar esta moción si se admite algunha das emendas.

O sr. González di que respecto as emendas que presenta o PP, na primeira inclúe un condicionante temporal, mentres dure a crise do CoViD-19 e nos non o vamos a admitir; e na segunda cuestión que son áreas de competencia da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia ten competencia en emprego, unha cuestión son as medidas de políticas de emprego puntuais que poden desenvolver en

---

## Concello de Redondela





coordinación cos concellos, é aí a Xunta de Galicia ten moito que ver en que haxa máis Obradoiros de Emprego, teñen que poñer fondos, pero despois hai medidas estruturais potentes como un proxecto de industrializador galego, desenvolver sectores produtivos como a pesca, os sectores primarios como agricultura e gandería que é o goberno galego o que debe de garantir e vostedes están pretendendo que as asumamos nós.

Esta crise ven xa sobre outra que non foi superada. Que ninguén esqueza, que non estabamos vivindo no mellor dos mundos posibles, estabamos vivindo nunha crise que foi artellada por un sistema neoliberal, que o que pretendeu foi en aras de aumentar os seus beneficios e os seus dividendos, precarizar a situación do novena por cento da poboación. E o vemos, na saída da crise houbo unha concentración do capital, máis capital en menos mans.

Chamar a atención, concienciar a xente, hai medidas estruturais que debemos implementan. Non pode ser que co remanente fora para amortizar débeda porque nos obrigaron. Recoñece a vontade de querer apoiar esta moción pero con cuestións asumibles e agradecen o apoio a AER.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación a mencionada moción, apróbase, por maioría dos concelleiros presentes sendo 05 votos a favor, (03 de AER e 02 do BNG) e 16 abstencións (07 do PSdeG-PSOE e 09 do PP)

O sra. Amoedo, pide a xustificación; o corpo da moción é interesante pero non vai a ser práctico o acordo. Si houberan aceptado as emendas, votarían a favor.

A sra. Couñago, expón que vai retirar a moción sobre a asignación dos grupos políticos porque xa non da tempo a tratala.

### **6.3 Rogos e Preguntas**

---

## **Concello de Redondela**





A sra. Amoedo di que retiran os rogos pendentes, aínda que non lle deu tempo a comunicalo por escrito porque entende que non é momento para plantexalos.

A sra. Alcaldesa pide que se avise con tempo, que se reuniron na Xunta de voceiros e non comunicou nada ao respecto, porque a Sra. Couñago retirou a moción para poder tratar os seus rogos.

Di a sra. Couñago que non hai tempo suficiente para tratar a moción porque é unha moción moi importante para que se nos limite o tempo.

A Alcaldesa, non se quere esquecer dos funcionarios e funcionarias que permiten co seu traballo a conexión telemática para facer este Pleno. Grazas e nos vemos no próximo pleno ordinario en principio se non xurde nada mais.

E sendo as vinte e tres horas e vinte catro minutos do día indicado no encabezamento, a sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

---

## Concello de Redondela

